



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 181
28 de marzo de 2025



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

Rexeitamento da toma en consideración

I 14045 (12/PPLC-000003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei orgánica, para presentar ante o Congreso dos Deputados, de transferencia a Galicia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia

[75973](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 21832 (12/MOC-000055)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo

Sobre os resultados que está a ter o último plan do Goberno galego de transporte público por estrada e o grao de cumprimento dos contratos por parte das empresas concesionarias (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 19844, publicada no BOPG núm. 159f2, do 19 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 11 de marzo de 2025)

[75973](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 21766 (12/MOC-000053)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre os concertos sanitarios como mecanismo do modelo de sanidade pública (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 1137, publicada no BOPG núm. 10f1, do 12 de abril de 2024, e debatida na sesión plenaria do día 11 de marzo de 2025)

[75974](#)

I 21824 (12/MOC-000054)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos

Sobre a xestión das políticas de vivenda por parte da Xunta de Galicia, especialmente das dixeridas á mocidade (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 20084, publicada no BOPG núm. 159f2, do 19 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 11 de marzo de 2025.)

[75974](#)



1.3.6. Propositions non de lei

1.3.6.1. Propositions non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Propositions tramitadas

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 20584 (12/PNP-001652)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha dirixidas a promover as boas condutas e previr a violencia no deporte

[75974](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 2945 (12/PNP-000332)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e tres deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa autoestrada AP-9

[75975](#)

I 11056 (12/PNP-000917)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que atenda as solicitudes de información e reunión realizadas polo executivo galego en relación coa autoestrada AP-9

[75976](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 19448 (12/PNP-001536)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo ante o impacto ambiental, económico e social que supoñería a reapertura da mina de Touro

[75976](#)

I 19556 (12/PNP-001551)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego ante o crecemento descontrolado de pisos turísticos

[75976](#)

I 20941 (12/PNP-001682)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón e dous deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia co obxecto de que se acolla á quitación da débeda ofrecida polo Goberno central nas negociacións de financiamento autonómico

[75977](#)



1.3.6.2. Propositions non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Propositions tramitadas

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

Aprobación sen modificacións

I 20310 (12/PNC-001891)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e catorce deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa implementación do Real decreto 86/2025, de 11 de febreiro, para asegurar o prestixio da formación profesional galega [75977](#)

Aprobación por unanimidade sen modificacións

I 17917 (12/PNC-001666)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e nove deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que complete a tramitación do Estatuto do artista, tal e como foi acordado no Congreso dos Deputados en 2018 [75978](#)

Rexeitamento da iniciativa

I 2682 (12/PNC-000342)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego en relación coa titularidade e organización da rede de conservatorios municipais [75978](#)

I 16888 (12/PNC-001586)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre as accións que o Goberno galego debe impulsar co fin de integrar e concentrar a xestión dos institutos de investigación interuniversitarios de Galicia [75978](#)

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

Proposta polo Pleno

I (12/DEC-000009)

Pleno do Parlamento

Recoñecemento ao *Matemático Rodríguez* [75978](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.6. Proposicións de lei para presentar perante o Congreso dos Deputados

O Pleno do Parlamento, na sesión do 25 de marzo de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento da toma en consideración

- 14045 (12/PPLC-000003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Proposición de lei orgánica, para presentar ante o Congreso dos Deputados, de transferencia a Galicia dos servizos meteorolóxicos radicados en Galicia

BOPG n.º 113, do 06.11.2024

Sometida a votación, obtense o resultado de 35 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención, polo que non se toma en consideración.

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.5. Mocións

1.3.5.4. Mocións tramitadas

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 21832 (12/MOC-000055)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo

Sobre os resultados que está a ter o último plan do Goberno galego de transporte público por estrada e o grao de cumprimento dos contratos por parte das empresas concesionarias (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 19844, publicada no BOPG núm. 159f2, do 19 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 11 de marzo de 2025)

BOPG n.º 175f1, do 19.03.2025

Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a trasladar aos grupos con representación no Parlamento de Galicia:

1. A relación de expedientes sancionadores incoados ás empresas concesionarias nos anos 2021, 2022 e 2023, e a resolución deles, indicando o motivo de sanción e mais o seu importe.



2. Os datos de quilómetros percorridos no transporte á demanda por concesión no anos 2021, 2022 e 2023, número de viaxeiros e número de expedicións, engadindo a cada unha delas os datos de quilómetros e expedicións recollidos no contrato concesional.

3. A documentación que se solicite relativa ás ofertas gañadoras dos contratos dentro do actual Plan de Transporte Público, que non fose declarada confidencial.

4. Os datos en 31 de decembro de 2024 da frota de buses titulares e reserva de todas as concesións de transporte colectivo competencia da Xunta de Galicia, cos datos de calidade medioambiental e antigüidade.»

Rexeitamento da iniciativa

- 21766 (12/MOC-000053)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre os concertos sanitarios como mecanismo do modelo de sanidade pública (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 1137, publicada no BOPG núm. 10f1, do 12 de abril de 2024, e debatida na sesión plenaria do día 11 de marzo de 2025)

BOPG nº 175f1, do 19.03.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 22 votos a favor, 39 votos en contra e 10 abstencións.

- 21824 (12/MOC-000054)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Font, Carlos

Sobre a xestión das políticas de vivenda por parte da Xunta de Galicia, especialmente das dirixidas á mocidade (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 20084, publicada no BOPG núm. 159f2, do 19 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do día 11 de marzo de 2025.)

BOPG nº 175f1, do 19.03.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 31 votos a favor, 39 votos en contra e unha abstención.

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.1. Proposicións non de lei en Pleno

1.3.6.1.4. Proposicións tramitadas

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 20584 (12/PNP-001652)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as medidas que o Goberno galego debe pór en marcha dirixidas a promover as boas condutas e previr a violencia no deporte

BOPG n.º 162f1, do 26.02.2025



Sométese a votación e resulta aprobada, con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1. Seguir impulsando campañas de prevención e represión da violencia e das condutas contrarias á boa orde deportiva, e distribuílas en todo o territorio para que estean visibles nos lugares habilitados para a práctica deportiva.
2. Seguir impulsando un protocolo de boas condutas e así proporcionar ás entidades deportivas galegas e ás persoas organizadoras de competicións deportivas os datos e os consellos que poidan facilitar a prevención da violencia.
3. Seguir intensificando as competencias sancionadoras, iniciando de oficio por parte da Comisión Galega de Control da Violencia, na ausencia de denuncia, todos aqueles procedementos dos que teña coñecemento e que atenten contra as boas prácticas en materia deportiva.
4. Seguir facilitando mecanismos para que a cidadanía poida por vía electrónica achegar facilmente á Comisión Galega de Control da Violencia todas as denuncias de situacións de violencia ou contrarias ás normas que se produzan en eventos ou competicións deportivas.
5. Dar traslado aos concellos galegos, en particular ás concellerías de Deporte, e clubs federados de Galicia, dos mecanismos sancionadores e de todas as medidas de intervención e protección previstas nos protocolos existentes dirixidas á prevención da violencia no deporte.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 2945 (12/PNP-000332)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e tres deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa autoestrada AP-9

BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que faga efectiva as seguintes demandas:

- 1º. Impulsar todas as iniciativas políticas e executivas que sexan precisas para culminar o proceso de transferencia da titularidade e competencias sobre a AP-9, de conformidade coa Proposición



non de lei aprobada polo Parlamento de Galicia o pasado mes de decembro e que se tramita ante o Congreso dos Deputados

2º. Implantar con carácter inmediato e con independencia do proceso anterior a gratuidade das peaxes nas autoestradas AP-9 e AP-53, as máis caras de España, en cumprimento do compromiso adquirido polas formacións políticas que sustentan o Goberno de Pedro Sánchez no último proceso electoral.»

- 11056 (12/PNP-000917)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Martínez, Roberto e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central co obxecto de que atenda as solicitudes de información e reunión realizadas polo executivo galego en relación coa autoestrada AP-9

BOPG nº 87, do 19.09.2024

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 71 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

1O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España que remita a información solicitada sobre o posicionamento do Goberno central fronte aos requirimentos da Comisión Europea e que atenda as solicitudes de información e reunión solicitadas pola Xunta de Galicia ao Ministerio de Transportes.»

Rexeitamento da iniciativa

- 19448 (12/PNP-001536)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo ante o impacto ambiental, económico e social que supoñería a reapertura da mina de Touro

BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 24 votos a favor, 37 en contra e 10 abstencións.

- 19556 (12/PNP-001551)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego ante o crecemento descontrolado de pisos turísticos

BOPG nº 156f1, do 12.02.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 34 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.



- 20941 (12/PNP-001682)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón e dous deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia co obxecto de que se acolla á quitación da débeda ofrecida polo Goberno central nas negociacións de financiamento autonómico

BOPG nº 167f1, do 05.03.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 33 votos a favor, 37 en contra e unha abstención.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 27 de marzo de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación sen modificacións

- 20310 (12/PNC-001891)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vázquez Suárez, Cecilia e catorce deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa implementación do Real decreto 86/2025, de 11 de febreiro, para asegurar o prestixio da formación profesional galega

BOPG nº 159f1, do 19.02.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións por 11 votos a favor, 0 votos en contra e 5 abstencións.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que poña en marcha os mecanismos necesarios para asegurar o prestixio da formación profesional galega, preservando a cultura do esforzo na adaptación e implementación do Real Decreto 86/2025, do 11 de febreiro, de avaliación e acreditación das competencias básicas adquiridas por experiencia laboral, por vías non formais de formación e aprendizaxes informais.»

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 17917 (12/PNC-001666)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e nove deputados/as máis



Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que complete a tramitación do Estatuto do artista, tal e como foi acordado no Congreso dos Deputados en 2018 BOPG nº 147f2, do 29.01.2025

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 16 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno central para que desbloquee e complete a tramitación do Estatuto do artista, tal e como foi acordado en 2018, por unanimidade, no Congreso dos Deputados.»

Rexeitamento da iniciativa

- 2682 (12/PNC-000342)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e Queixas Zas, Mercedes

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego en relación coa titularidade e organización da rede de conservatorios municipais

BOPG nº 22f1, do 08.05.2024

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

- 16888 (12/PNC-001586)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre as accións que o Goberno galego debe impulsar co fin de integrar e concentrar a xestión dos institutos de investigación interuniversitarios de Galicia

BOPG nº 145f2, do 27.01.2025

Sométese a votación e resulta rexeitada por 7 votos a favor, 9 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2025

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

1.3.7. Outras propostas de resolución e acordos

1.3.7.1. Declaracións institucionais

O Pleno do Parlamento, na sesión do 25 de marzo de 2025, adoptou os seguintes acordos:

Proposta polo Pleno

- (12/DEC-000009)

Pleno do Parlamento

Recoñecemento ao *Matemático Rodríguez*



Declaración institucional do Parlamento de Galicia en recoñecemento ao *Matemático Rodríguez*

«O metro, como unidade de medida, debe moito a un home nado nunha aldea de Lalín. O seu nome: José Rodríguez González. E, como acontece en tantas ocasións, foi máis apreciado fóra que dentro do seu propio país. Porque o *Matemático Rodríguez* foi unha autoridade científica dacabalo entre os séculos XVIII e XIX, impulsor da cristalografía, protagonista de achados astronómicos e, sobre todo, un dos pais do Sistema Métrico Decimal.

Naceu en Bermés (Lalín) o 25 de outubro de 1770. Hai máis de 250 anos. Os seus pais eran labregos e conseguiu estudar grazas á protección dun tío eclesiástico. Obtivo os títulos de bacharelato en Filosofía, Teoloxía e Matemáticas, e con 28 anos xa exercía como catedrático de Matemática sublime na Universidade de Santiago de Compostela.

A súa carreira internacional, que foi longa e frutífera, comeza en París, en 1803. Con Jean-Baptiste Biot e François Arago sae en 1806 para a medición da medida do arco do meridiano de París entre Dunkerke e Barcelona ata a illa de Formentera. Os resultados serán fundamentais para o establecemento da lonxitude do metro e a implantación do Sistema Métrico Decimal. En 1809, o *Matemático Rodríguez* desprázase a Londres, onde realiza estudos sobre o meridiano de Greenwich. En 1814 chega a Alemaña, onde estuda cristalografía na Universidade de Gotinga. Un auténtico europeo do século XVIII. Posteriormente, regresa a España en 1819 para asumir a dirección do Observatorio Astronómico de Madrid.

Fixo carreira e chegou a ser deputado en Cortes por Galicia durante o Trienio Liberal (1820-1823). Pero, lamentablemente, perdida a cátedra en Madrid, empobrecido e enfermo, viaxou a Portugal, onde traballou coas universidades de Coímbra e Lisboa, para, finalmente, regresar a Compostela, onde morreu en 1824. A súa tumba, na igrexa de Santo Agostiño, non leva inscrición ningunha.

A figura deste gran home paga a pena ser lembrada e reivindicada en todo o mundo. O seu legado é un orgullo para Galicia e para toda a comunidade científica universal. Expoñer a vida e a obra do sabio de Bermés, tal e como prevé facerse no Parlamento Europeo, axudará a moitos a coñecer mellor unha das figuras máis relevantes e descoñecidas de ciencia europea.

Por todo iso, con motivo da inauguración, o vindeiro xoves 27 de marzo, da exposición do *Matemático* na Eurocámara, o Parlamento de Galicia quere expresar o seu recoñecemento e admiración á figura deste insigne galego, o *Matemático Rodríguez*, e do seu legado para a ciencia internacional."

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

